


INFORME DE AVALIACIÓN DO PAT-ANEAE

(Máster en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural)

2021/2022

R2 DO-0203 P1





INFORME ANUAL DO PAT

MÁSTER EN VALORACIÓN, XESTIÓN E PROTECCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL (CURSO 2021-2022)

Durante o curso 2021/2022 realizáronse diversas actuacións do PAT. A primeira levouse a cabo o mesmo día da presentación do mestrado onde o coordinador informou ós novos/as estudantes do programa de titorización.

A segunda acción/reunión consistiu nunha explicación polo miúdo das accións do PAT durante a primeira clase on line da materia “Figuras de Intervención e Xestión de Proxectos”. Tamén se lles solicitou neste momento que cubrisen as fichas individuais (Anexo II) sendo entregadas un total de 8, un número máis elevado que en anos anteriores aínda que non chega ó 50% do total do alumnado matriculado (19 no curso 21-22).

A terceira acción foi a titoría grupal. Esta reunión por e-meeting ten a finalidade de coñecer de primeira man posibles problemas xurdidos durante o curso. Como soe ser habitual, non se atopan presentes todos os estudantes aínda que previamente acostuman a consensuar os temas a tratar co titor.

Polo tanto, os contidos deste informe proveñen da reunión grupal cos estudantes e a partires de comunicacións directas entre os/as estudantes e o titor vía mail. Non houbo solicitudes para a realización de titorías individuais (tamén ofertadas no PAT) durante este curso.

En xeral, o grupo deste ano académico ten/tivo unha sensación positiva do mestrado e non sinalaron aspectos graves a mellorar. O grupo foi máis participativo que en anteriores cursos como o demostra o feito de teren entregado 8 fichas individuais, un número superior ó de anos anteriores.

Os estudantes e o titor trataron o tema de que algunhas materias non comezasen no día establecido no calendario oficial. Os estudantes non lle deron excesiva importancia e solo sinalaron que se debe avisar con antelación se o profesor/a non pode acudir a algunha das sesión previstas por causas xustificadas.

Os/as estudantes sinalaron que se debería informar no máster (páxina web/publicidade...etc.) que se as persoas que se decidan por cursar o máster teñen que contar con equipos informáticos de alta capacidade xa que en determinadas materias se necesitan ordenadores potentes. Para elo propónse que se indiquen as características mínimas necesarias dos equipos para poder cursar o máster.

Os/as estudantes informaron de que un/unha docente non subía as gravacións das clases a Moovi, e que soamente llas fai chegar a aqueles/as estudantes que llas solicita directamente por email.



Todos estes temas foron informados na CAM do mestrado. No caso da queixa, foi a coordinación quen se puxo en contacto directamente co/ca docente para solucionar o problema.

E como tal, asino este informe do PAT 2021-2022

En Ourense a 10 de novembro de 2022